

## PROPOSICIÓN SOBRE A CONTINUIDADE DO TRAZADO ENTRE AS ESTRADAS N-634 E N-574 PARA A MELLORA DA MOBILIDADE EN LAVACOLLA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción da Autovía A-54 que comunicará Santiago con Lugo, e en concreto o tramo actualmente en execución entre Lavacolla-Arzúa Oeste, está a poñer en evidencia unha situación problemática en relación coa mobilidade nas inmediacións do lugar elixido para o entronque co remate do tramo xa construído. A solución adoptada no proxecto que se está a desenvolver, que inclúe un novo enlace preto dos terreos do polígono do Pino, non lle dá resposta axeitada á continuidade dos vellos trazados das estradas N-634 e N-547 e con ela limita a capacidade de mobilidade desta zona do Concello, tal e como teñen advertido representantes veciñais, que mesmo se teñen dirixido hai meses á Demarcación de Estradas de Galicia na procura de lograr adaptar o proxecto con este fin.

Para a veciñanza da parroquia de San Paio da Sabugueira trátase sobre todo de non perder ningún dos servizos dos que gozan na actualidade, entre eles os relativos ao transporte público, con paradas das liñas regulares que cobren os traxectos con Lugo e Arzúa con Santiago, que na actualidade acceden ao aeroporto, así como o servizo de transporte escolar, que se poderían ver afectados pola construción deste enlace.

Co fin de mellorar a mobilidade, e atender tamén a unha mellor integración do trazado do Camiño Francés que discorre paralelo en boa parte ao trazado da antiga estrada, a veciñanza formula a posibilidade de que o Ministerio de Fomento inclúa unha lixeira modificación do proxecto que permita darlle continuidade á estrada N-634, que actualmente remata na vía de servizo do tramo de autovía que baixa cara ao paso inferior que permite atravesar o trazado de alta capacidade, ampliando esa vía de servizo nunha plataforma con dobre carril que enlace este tramo da N-634 coa estrada N-547. Deste xeito, a vía de servizo que se prevé no proxecto vixente a base de zahorra pasaría a ser unha vía con dous carrís de 3,5 metros e beiravías de 0,75 metros, constituíndo un itinerario alternativo, seguro e plenamente operativo, pola marxe dereita da nova autovía en dirección Lugo. Este itinerario apoiaríase en boa parte do trazado xa existente e nun tramo novo de aproximadamente 1 km que se correspondería en boa parte co trazado previsto para a vía de servizo da nova autovía.

Con esta solución facilitaríase a mobilidade, entre outros, aos veciños do núcleo de Amarelle, pero tamén a moitas persoas que fagan uso da N-634, posto que a conexión prevista no proxecto en redacción neste lugar vai suprimir a glorieta actualmente existente no remate do tramo de autovía executado, construíndo no seu lugar un paso elevado sobre a nova traza da autovía –que discorrerá nun plano inferior– que unicamente lle dará continuidade á estrada cara a Arzúa, ao non prever o acondicionamento do tramo paralelo da N-634 que remata truncado nas proximidades da cabeceira aeroportuaria.



Tendo en conta a demanda veciñal que consideramos factible, técnica e economicamente e que supón unha clara mellora da mobilidade na zona, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta á consideración do Pleno o seguinte

## ACORDO

***O Pleno insta ao correspondente órgano do Concello de Santiago a:***

- 1. Demandar do Ministerio de Fomento que, no transcurso das obras do tramo da autovía A-54 entre Lavacolla e Arzúa Oeste, se adopten as medidas necesarias para darlle continuidade ao trazado da antiga estrada N-634 desde a zona da cabeceira aeroportuaria ata enlazar co trazado da estrada N-547, nas proximidades dos terreos do polígono industrial do Pino, atendendo á mellora da mobilidade, ao mantemento dos servizos de transporte público e a unha axeitada integración do tramo do Camiño de Santiago nesa zona.***
- 2. Formularlle a Administración do Estado, mediante os trámites oportunos, a oferta de posta a disposición dos terreos necesarios para levar a cabo esta actuación, como un complemento das obras da autovía A-54 actualmente en execución.***
- 3. Realizar unha planificación que permita acometer de forma gradual, conforme ás prioridades detectadas, a mellora de firme e servizos no tramo municipal da antiga estrada N-634 entre San Lázaro e Lavacolla.***

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro de 2018



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular